

PROCESO DE ADMISIÓN DE NOVO ALUMNADO PARA O CURSO 2024/2025

Do **1 ao 20 de marzo** ábrese o prazo de **solicitud de admisión de novo alumnado** no CEIP Plurilingüe de Ponte do Porto para o curso 2024/2025.

Os impresos de solicitud de praza escolar son os que corresponden aos Anexos do **DECRETO 13/2022, do 3 de febreiro, polo que se regula a admisión de alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos** e deberán cumprimentarse, sen esquecer os apartados de **comedor e transporte escolar**.

Métodos de presentación das solicitudes por parte das familias:

- Recoller a solicitud no centro (conserxería), cubrila a man e presentala no centro educativo en horario de secretaría (luns mércores e venres de 12:30-13:40 horas)
- Descargar a solicitud na aplicación **admisionalumnado** (<https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>)(**anexo II ED550B**), imprimila, cubrila a man e presentala no centro educativo en horario de secretaría (luns, mércores e venres de 12:30 a 13:40 horas)
Crear e cubrir a solicitud na aplicación **admisionalumnado**, <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) (**anexo II ED550B**).
Imprimila, firmala os dous proxenitores e presentala no centro educativo en horario de secretaría (luns, mércores e venres de 12:30 a 13:40 horas)
- Crear e cubrir a solicitud na aplicación **admisionalumnado**, <https://www.edu.xunta.es/admisionalumnado/>) (**anexo II ED550B**).
Presentala a través da Sede Electrónica.

A solicitud irá acompañada da seguinte **documentación**:

- o Certificado do Padrón Municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven. A data de alta no domicilio deberá ter unha antigüedad mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión, agás circunstancias debidamente xustificadas. O certificado deberá estar expedido dentro do ano natural do proceso de admisión.
- o 2 fotos recentes

- o Fotocopia da tarxeta sanitaria
- o Informe do pediatra acreditando que o neno/a non padeza ningún tipo de enfermidade ou alerxia. No caso de padecelas é importante contar con esta certificación xa que, de non ser así, eximirase ao centro de toda responsabilidade.
- o Fotocopia do boletín de vacinas
- o Copia do DNI do alumno/a e copia do libro de familia, acreditativo da súa idade.
- o Se a persoa solicitante e/ou os membros computables da familia denegan a súa consulta, presentarán copia do DNI.
- o **No caso de separación ou divorcio, resolución xudicial e convenio regulador.**
- o Impreso de lingua materna (**Só 4º de Ed. Infantil**)
- o Impreso da opción de Relixión ou Atención Educativa en Educación Infantil e Proxecto Competencial en Primaria.
- o Impreso de transporte escolar se o neno/a vai utilizar ese servizo.
- o **Se un alumno cambia de centro** debe presentar un certificado de matrícula do centro no que estea matriculado no curso 2023/2024 ou un documento acreditativo de estar en disposición de reunir os requisitos académicos esixidos en cada nivel educativo ou etapa. Os titores legais do alumno deberán remitir ao centro unha copia da solicitude que formulen para ser admitido noutro centro.

Cada solicitante presentará unha única solicitude (asinada por ambos proxenitores) dirixida á dirección do centro no que se solicita praza en primeiro lugar, o mesmo no caso de separación ou divorcio, agás nos casos nos que a patria potestade estea atribuída a un dos proxenitores, familias monoparentais ou casos de violencia de xénero.

Unha vez presentadas as solicitudes determinarase se hai ou non máis solicitudes que prazas vacantes. En caso afirmativo, abrírase o prazo para presentar documentación xustificativa dos datos do baremo (10 días hábiles a partir dos 2 días seguintes ao remate do prazo da solicitude). **A listaxe provisional de admitidos e non admitidos** expoñerase no taboleiro de anuncios do centro.

A directora

Teresa Barrientos Murias